

## FUNCIÓNS SINTÁCTICAS E UNIDADES

### 1. ESQUEMA SEMÁNTICO DA ORACIÓN: o verbo e os argumentos.

As accións ou estados expresámoslos mediante oracións, é dicir, con un verbo cando menos (ex. *corro*) ou, normalmente, con un verbo que implica a inclusión de un ou varios participantes (chamados argumentos).

Daquela, cada verbo condiciona a existencia dun grupo de palabras co que combinar. Cada grupo de palabras que precisa un verbo para ser usado de xeito aceptábel é, logo, un argumento.

Así, por exemplo, o verbo *adorar* non pode empregarse só (\**adoro* non é aceptábel), senón que require dous grupos de palabras distintos, dous argumentos (o meu fillo adora a música).

Se pensamos en varios verbos ao chou, logo descubrimos que hai distintas posibilidades:

<i>Eu buceo</i>	(só é preciso que apareza quen fai a acción)
<i>A moza colle mazás</i>	(precísanse dous argumentos)
<i>O futuro depende de todos nós</i>	(tamén se precisan dous)
<i>As xuízas concedéronlle a liberdade ao reo</i>	( <i>conceder</i> require tres argumentos)

etc.

Mais, ademais destes tamén podemos incluír outros grupos de palabras que non son esixidos polo verbo para facer enunciados correctos. Son os argumentos libres, non requiridos polo verbo, aínda que poden expresar contidos fundamentais na mensaxe. Por exemplo:

*Eu buceo preto das illas Cíes*  
*A moza colle mazás na túa eira*  
etc.

### 2. FUNCIONES

#### 2.1. Suxeito.

O realizador ou causante da acción verbal soe funcionar sintacticamente como suxeito.

*A moza colle mazás*  
1º argumento  
axente  
SUXEITO

Mais non sempre o suxeito é realizador ou causante:

*As plantas medran*  
*O home caeu*  
...

#### 2.2. Complementos.

A maioría dos verbos precisan máis argumentos có que é suxeito. Son os complementos argumentais, que funcionan de:

Complemento directo (CD, substituíble por o/a/os/as e variantes): *A moza colle mazás* > *A moza cólleas*.

Complemento indirecto (CI, substituíble por lle/lles): *As xuízas concederon a liberdade ao reo* > *As xuízas concedéronlle a liberdade*.

Suplemento (SUPL., introducidos por preposición esixida polo verbo e non substituíbeis polos pronomes de CD): *O futuro depende de todos nós.*

(Outros: complemento predicativo, atributo, complemento axente.)

Ás veces, estes complementos tamén poden aparecer de maneira libre, non requiridos necesariamente polo verbo:

*O can come* é unha oración perfectamente aceptábel, pero tamén pode aparecer:

-un segundo argumento, o CD: *O can come os ósos*

-un terceiro argumento, o CI: *O can cómelles os ósos aos veciños*

...

Porén, os complementos constituídos por argumentos sempre libres funcionan de Complemento circunstancial (CC; vede arriba).

### 3. UNIDADES

Cando falamos de argumentos temos en conta o significado dun conxunto de palabras en relación coa acción ou estado que transmite o verbo. Cando falamos de funcións atendemos á relación sintáctica desas palabras co verbo. Pero non nos referimos ata agora aos elementos que formaban eses grupos, é dicir, ás unidades.

A clase de palabra (substantivo, adxectivo...) máis importante do grupo determina o tipo de unidade. Un caso:

O can                      *come*  
Sintagma nominal

(a base é un substantivo)